

PROGRAMACIÓN DE VIOLA

Curso 2007-2008

Conservatorio de Ourense

GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS

Os alumnos deberán acadar os seguintes obxectivos durante o Grao elemental:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Ademais destes obxectivos xerais, deberán desenvolverse as seguintes capacidades:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

CONTIDOS

Contidos Xerais

- Produción do son: cordas ao aire, empregando todo o arco e distintas lonxitudes de arco.
- Posición do instrumento e do arco: control muscular.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son.
- Coñecemento dos golpes de arco básicos e do vibrato como elementos de expresión musical.
- Estudo das posicións e os elementos de expresión musical.
- Estudo das posicións.
- Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda, así como da coordinación entre ambos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica do conxunto.

Contidos e metodoloxía por cursos

A división temporal por trimestres ou avaliacións ten carácter orientativo, e variará en función do progreso do propio alumno, sendo os aquí expostos os **contidos mínimos** para aprobar cada avaliación ou cada curso completo. O profesor elixirá os exercicios, libros ou métodos que mais lle conveñan ao alumno en cada momento. Os contidos son acumulativos por avaliacións e cursos, é dicir, a cada avaliación engádense os das avaliacións anteriores e incluso cursos anteriores, debido ao carácter especial da carreira musical. Deste xeito, non se

poden separar coñecementos nen aillalos, senón acumulalos e melloralos curso a curso. Como exemplo claro temos o xeito de colocar o instrumento: aparece na 1ª avaliación do primeiro curso, pero isto non quere dicir que en segundo ou noutro curso se poida tocar con calquer posición, senón só coa correcta. Os contidos materializaranse nas clases individuais e colectivas, deixando a criterio do profesor a conveniencia do seu ensino nunhas ou outras. En tódolos cursos, e en cada avaliación, esixirase polo menos unha peza de memoria.

Primeiro curso de G.E

Contidos

1ª Avaliación

- Nome das partes da viola e do arco.
- A clave de do.
- Posición do corpo: pernas, brazos, costas...
- Colocación correcta da viola.
- Manter un pulso ou ritmo constante en todo o que se toca.
- Suxeición do arco, producindo son e conducíndoo correctamente sobre as cordas.
- Colocación progresiva dos dedos da man esquerda (1,2 e 3) nunha formación elemental e de xeito correcto.
- Cambios de corda.
- Control rigoroso da afinación.
- Escala e arpexio de Re M (ascendente).
- Articulación, golpes de arco: detaché e staccato.
- Iniciación á lectura a primeira vista e improvisación.
- Estudio dun mínimo de media hora diaria e comprobación de resultados positivos cada semana dos exercicios estipulados polo profesor.

2ª Avaliación

- Cambios de corda con ligaduras.
- Introducción do cuarto dedo na primeira formación e inicio da segunda formación.
- Situación na familia dos instrumentos de arco e comparación co violín e o cello.
- Escalas e arpexios de unha oitava: Do M, Re M, e Sol M.
- Articulación, golpes de arco: legato.
- Lectura a primeira vista e improvisación.
- Tocar polo menos 3 obras con acompañamento de piano.
- Estudio de media hora diaria e control semanal de resultados.

3ª Avaliación

- Iniciación aos matices expresivos, dinámicos e agónicos.
- Escalas de unha oitava (Do M, Re M e Sol M)
- Afianzamento da segunda formación.
- Lectura a primeira vista e improvisación.
- Tocar un mínimo de 3 obras con piano.
- Repaso de todo o aprendido durante o curso.
- Breve historia da viola e a súa evolución (en función á idade do alumno).
- Control semanal de resultados positivos.

Métodos

Exercicios e estudos

- Exercicios feitos polo profesor.
- Emilio Mateu: “La viola, iniciación”.
- G. Anderson, R. Frost: “All for strings”
- B. Garlej, J.F. Gozales: “Méthode d’alto debutants”

- Z. Nõmar: “Cantos de España. Dúos de viola” (1-5)
- Sight-reading tests. ABRSM Publishing.

Obras con piano

- Suzuki: “The viola school, Vol 1” (1-10)
- H. Classens: “L’alto classique A” (1-8)
- S. Nelson: “Waggon wheels”

Segundo curso de G.E

Contidos

1ª Avaliación

- Afianzar os coñecementos adquiridos no primeiro curso.
- Coñecer e ser capaz de realizar 3 formacións básicas dos dedos da man esquerda (si bemol)
- Perfeccionar a afinación.
- Ampliación do uso de valores rítmicos.
- Golpes de arco elementais: legato, détaché, staccato e portato.
- Ampliación de recursos musicais e expresivos.
- Estudio dun mínimo de 45 minutos diarios e control semanal de resultados.

2ª Avaliación

- Golpes de arco elementais: legato, détaché, martellé, staccato e portato.
- Fraseo e comprensión formal da partitura.
- Lectura a primeira vista.
- Estudio de tódalas formacións elementais en 1ª posición.
- Control rigoroso da afinación e do sentido rítmico.
- Estudio diario e control semanal.

- Tocar un mínimo de 3 obras con piano.

3ª Avaluación

- Control rigoroso do ritmo, a afinación e a posición corporal.
- Afianzar os golpes de arco estudados anteriormente.
- Exercitar a primeira vista e improvisación, así como a interpretación en grupo.
- Inicio da 2ª e 3ª posición. Cambios de posición.
- Tocar con acompañamento de piano un mínimo de 3 pezas.
- Estudio diario e control semanal de resultados.
- Repaso dos contidos do curso de cara á avaluación final.

Métodos

Exercicios e estudos

- G. Anderson, R. Frost: “All for strings 2”
- B. Volmer: “Bratschenschule 1” (Hasta p 33)
- E. Mateu: “Iniciación)
- Wohlfahrt: “Foundation Studies 1” (1,3,4,5,6,8 e 9)
- Sight-reading tests. ABRSM Publishing.
- Exercicios feitos polo profesor.

Obras con piano

- Suzuki: “Viola school” Vol 1 10 para adiante, Vol 2 (1-5).
- E. Elgar. “Seis piezas fáciles”
- H. Classens: “L’alto Classique A” (1-13)
- B. Garlej, J. Gozales: “Méthode d’alto debutants”
- Z. Nömar: “Cantos de España”. Duos de viola.

Terceiro curso de G.E

Contidos

1ª avaluación

- Afianzar os coñecementos do segundo curso.

- Ser capaz de tocar con perfecto ritmo e afinación, ademais de unha boa posición.
- Escalas e arpexios en dúas oitavas.
- Continuación do estudio de cambios de posición (segunda e terceira).
- Estudio diario dun mínimo de unha hora e control semanal de resultados positivos.
- Facer un mínimo de 5 estudos.
- Comezo do estudio das dobres cordas. Control da afinación.

2ª Avaliación

- Golpes de arco elementais e comenzo do spiccato.
- Ampliación de recursos musicais e expresivos (matices).
- Lectura a primeira vista.
- Escalas e arpexios en posicións fixas (1ª, 2ª e 3ª)
- Estudio diario e control semanal dos coñecementos adquiridos.
- Tocar un mínimo de 5 estudos e 3 obras con piano.

3ª Avaliación

- Iniciación ao vibrato.
- Lectura a primeira vista e práctica instrumental en grupo.
- Escalas e arpexios en posicións fixas (1ª, 2ª, e 3ª).
- Estudio diario e control semanal.
- Control da afinación co estudio das dobres cordas.
- Tocar un mínimo de 5 estudos e 3 obras con piano.

Métodos

Exercicios e estudos

- G. Anderson, R. Frost: “All for strings” Vol 2 e 3.
- B Volmer: “Bratschenschule” Vol 1 e 2 até a 3ª posición.

- Hoffmann: “Primeiros estudos de viola op. 86” (1-6)
- H. Sitt: “Primeiros estudos de viola”, Vol 1 (1-5)
- Kayser: “Primeiros estudos op. 46” (1-5)
- O. Sevcik: “Escola da técnica da viola op. 1”
- Wohlfahrt: “Estudios op. 45” (10-20)
- Mary Cohen: “Superestudios” Vol 1.
- Exercicios do profesor

Obras con piano

- B. Marcello: “Sonata en Do M”
- Corrette: “Sonata”
- Suzuki: “Viola school 2” (6-11)
- M. Moskowski: “Spanish dance”.
- H. Classens: “L’alto calssique” Vol A (13-25), Vol B (1-5).
- O Rieding: “Concertino op. 35”
- Z. Nömar: “Cantos de España”.

Cuarto curso de G.E

Contidos

1ª Avaliación

- Afianzar os coñecementos do terceiro curso.
- Escalas e arpexios en dúas oitavas. Escalas en posicións fixas até a 3ª pos.
- Cambios de posición (1ª, 2ª e 3ª)
- Lectura a primeira vista mensual.
- Coñecemento de tódolos intervalos e tonalidades.
- Tocar un mínimo de 5 estudos e unha sonata con piano, elixidos polo profesor.

2ª avaliación

- Golpes de arco elementais, spiccato e comezo do sautillé.
- Dobres cordas en posicións fixas.
- Perfeccionamento do vibrato e cambios de posición.
- Ampliación de recursos técnicos e musicais.
- Lectura a primeira vista mensual.
- Tocar un mínimo de 5 estudos, acabar a sonata con piano, e 3 pezas con

acompañamento de piano escollidas polo profesor.

•

3ª Avaliación

- Estudio de acordes.
- Lectura a primeira vista mensual.
- Estudio da afinación con dobres cordas.
- Tocar un mínimo de 5 estudos e 3 pezas con piano.
- Repaso xeral de tódolos conceptos novos do curso.

Métodos

Estudios e exercicios

- B Volmer: “Bratschenschule 2” (até 3ª pos. incluída)
- H. Sitt: “Estudios op. 36 vol 1” (6 en diante)
- Kayser: “36 Estudios op. 43” (1-18)
- Kayser: “36 Estudios op. 20” (2,3 e 8).
- Hoffmann: “Primeiros estudos op. 86” (6,7,9,10,11,17 e 20).
- O. Sevcik: “Escola da técnica da viola op. 1 e 2”
- Kreuz. “Estudios Vol. 1” (1-10)
- Schradieck: “Escola da técnica da viola Vol. 1”
- Wohlfahrt: “Estudios op. 45” (14, 21-30, 32-34, 36,38,41, 43,45,48 e 50).
- Wohlfahrt: “Estudios op. 74” (26,28,29 e 30)
- Mary Cohen: “Superestudios Vol 2”
- Sight-reading tests. ABRSM Publishing.
- Exercicios do profesor.

Obras con piano

- W. Forbes: “Chester music for viola” (Bourrée e Hornpipe)
- H Classens: “L’alto classique B” (1-5, 9)
- M. Marais: “Five old french dances”

Sonatas con piano

- Haendel: “Sonata en Do M”
- Vivaldi: “Sonata en Do M”
- Valentini: “Sonata en la m”
- Correte: “Sonata”

Criterios de avaliación e recuperación

Os criterios de avaliación xerais no grado elemental son os seguintes:

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. *Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.*
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. *Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.*
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. *Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.*
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. *Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.*
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. *Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.*
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. *Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.*
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. *Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.*

A avaliación será **continua** durante todo o curso, de xeito que existirá un control semanal do estudio realizado e calificarase tendo en conta o grao de cumprimento dos contidos especificados para cada curso, así como tódalas clases, controis, audicións e concertos. O profesor poderá esixir a realización de traballos ou resumes en relación co seu instrumento no entorno da clase colectiva ou individual. En determinadas datas

realizaranse boletíns de avaliación, para o coñecemento de pais ou titores. O profesor realizará un seguimento do alumno na aula, e faranse audicións que serán de carácter obrigatorio, nas clases colectivas, e concertos para avaliar a interpretación en público. Utilizarase a aprendizaxe por imitación, e fomentarse a auto reflexión e autocrítica, así como a creatividade e a participación activa.

O alumno que suspenda a materia nas avaliacións deberá recuperar o curso ou avaliación pendente realizando os contidos especificados, e valorarase o seu progreso na aula. Utilizarase a autoavaliación e a coavaliación como instrumentos de axuda.

Recursos

- Partituras que traten os diversos contidos de cada nivel.
- Textos informativos sobre aspectos concretos dun compositor, intérprete...
- Gravacións musicais, vídeos e DVDs.
- Información sobre concertos, audicións, cursos e actividades formativas dentro e fora do centro

GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS XERAIS

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais:

- Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar a calidade da música.
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquiera as capacidades seguintes:

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados na materia de viola.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento de acordo coas exigencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos

recursos interpretativos de cada un destes.

- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Ademais destes obxectivos xerais, o alumno de grao medio deberá conseguir os seguintes **obxectivos comúns aos instrumentos de corda**:

- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade de acordo con este nivel.

CONTIDOS

- Continuación do traballo sobre os cambios de posicións.
- Dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
- Desenvolvemento da velocidade.
- Perfeccionamento de todas as arcadas.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo da polifonía violística.
- A calidade sonora: Cantabile e afinación.
- Fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.
- Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións

que a ela se refiren e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.

- Iniciación á interpretación da música contemporánea para viola e ao coñecemento dos seus graffas e efectos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura á vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

Primeiro curso do Grao Profesional

Contidos

- Escalas e arpexios en dúas e tres oitavas (Do M e Re M). Escalas en posicións fixas (5ª posición). Escalas cromáticas.
- Cambios de posición (4ª e 5ª)
- Dobres cordas en 1ª posición: terceiras, sextas e oitavas. Iniciación.
- Execución de acordes de tres e catro notas en primeira posición.
- Golpes de arco na corda e saltados.
- Ampliación de recursos musicais e expresivos.
- Perfeccionamento dos distintos tipos de vibrato.
- Lectura a vista e improvisación.
- Repertorio. Estudio comparado de gravacións.
- Ao final do curso, o alumno debe ter feito o seguinte programa por avaliacións:

1ª Avaliación

- Escalas e arpexios afinados con diferentes golpes de arco.
- Cinco estudos, un de memoria.
- Unha sonata para viola e piano.

2ª Avaliación (Algo de memoria)

- Escalas e arpejos.
- Cinco estudos.
- Un concerto.

3ª Avaliación (Algo de memoria)

- Escalas e arpejos.
- Cinco estudos.
- Dúas obras con piano

Métodos

Técnica

- B. Volmer: “Bratschenschule 2” (até quinta posición)
- Schradiek: “Escola da técnica 1”
- O. Sevcik: “Escola da técnica op. 1,2 e op. 8”
- Sight-reading tests. ABRSM Publishing.
- Exercicios do profesor

Estudios e caprichos

- H. Sitt: “Primeiros estudos Vol. 1 e 2”
- Kayser: “36 estudos op. 43” (18-36)
- Kayser: “36 estudos op. 20” (4,6,7,9,10,14 e 22)
- Wohlfahrt: “Primeiros estudos vol. 2 op. 45” (46-60)
- Hpfmann: “Primeiros estudos op. 86” (a partir do 20)
- Kreuz: “Estudios vol. 2” (20,21,22,24 e 29)

Concertos para viola e orquestra (piano)

- G.P Telemann: “Concerto en Sol M)

Sonatas con piano

- J.C. Pepush: “Sonata en re m”
- B. Marcello: “Sonatas en Sol e Do M”
- Vivaldi: “Sonata nº 5”

Obras con piano

- Chester music for viola: “Bourrée e hornpipe”
- Kalliwoda: “Seis nocturnos”

- H. Classens: “L’alto classique B” (6,7,10,12,13,14,e,15)
- H. Sitt: “Albumleaves” (1-3)
- Y. Datshkovsky: “Lullaby for Alexandra”

Obras para viola sola

- J.S. Bach: “Minueto da suite 1 e Bourrée da suite 3”

Segundo curso do Grao Profesional

Contidos

- Técnica da man dereita. Golpes de arco na corda e saltados.
- Técnica da man esquerda. Cambios de posición (7ª)
- Armónicos naturais e artificiais. Iniciación.
- Escalas e arpexios en 3 oitavas, até catro sostidos-bemois. Escalas cromáticas.
- Recursos musicais e expresivos.
- Dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas)
- Repertorio. Análise comparado de gravacións.
- Improvisación e lectura a vista.
- No fin de curso, o alumno debe ter feito o seguinte programa por avaliacións:

1ª Avaliación

- Escalas e arpexios afinados en 3 oitavas.
- Cinco estudos, un de memoria.
- Unha sonata para viola e piano.

2ª Avaliación

- Escalas e arpexios.
- Cinco estudos.
- Un concerto de memoria.

3ª Avaliación

- Escalas e arpexios.
- Cinco estudos.
- Dúas pezas de libre elección, unha de memoria.

Métodos

Técnica

- B. Volmer: “Bratschenschule 2” (tódalas posicións)
- Schradiek: “Escola da técnica 1”
- O. Sevcik: “Escola da técnica op. 1,2 e op. 8”
- Sight-reading tests. ABRSM Publishing.
- Exercicios do profesor

Estudios e caprichos

- H. Sitt: “Estudios op. 32 vol. 2”
- B. Volmer “Estudios” (1,2,17,21,22,26,33,42,47,52,53,54,58 e 60)
- Kayser: “36 estudos op. 20” (11,12,13,15,e 19)
- Kreutzer: “42 estudos” (1,2,4,5,6,8,10 e 12)
- E. Mateu: “15 estudos caprichosos de mediana dificultad”
- Kreuz: “Estudios vol. 2” (16,25,25 e 28)

Concertos con orquestra (piano)

- G.P. Telemann: “Concerto en Sol M”

Sonatas con piano

- Vivaldi: “6 sonatas”
- H. Eccles: “Sonata en sol m”
- B. Marcello: “Sonata en mi m”
- Vanhal: “Sonata en mi b M”

Obras con piano

- Kalliwoda: “Seis nocturnos”
- H. Sitt: “Albumleaves”
- Liszt: “Romance Oubliée”
- Rachmaninov: “Vocalise”
- Chester music for viola. (1,3 e 4)

Terceiro curso do Grao Profesional

Contidos

- Escalas e arpexios en tres oitavas (tódalas tonalidades)
- Estudio das dobres cordas, es escalas e obras, para a súa perfecta afinación.
- Escalas en terceiras, sextas e oitavas.
- Harmónicos naturais e artificiais. Continuación.
- Golpes de arco na corda e saltados.
- Ampliación de recursos musicais e expresivos.
- Repertorio e análise comparado de gravacións. Memorización do repertorio.
- Ao finalizar o curso, o alumno debe ter tocado o seguinte programa por avaliacións:

1ª Avaliación

- Escalas e arpexios afinados con distintos golpes de arco.
- Cinco estudos (un de memoria)
- Un concerto para viola e piano.
- Suite de Bach.

2ª Avaliación (algo de memoria)

- Escalas e arpexios.
- Cinco estudos.
- Unha sonata para viola e piano.
- Obra romántica.

3ª Avaliación (algo de memoria)

- Escalas e arpexios
- Cinco estudos.

- Obra romántica

Métodos

Técnica

- B. Volmer: “Bratchenschule 2” (tódalas posicións)
- E. Mateu: “Escalas e arpexios”
- Schradiek: “Escola da técnica 1”
- O. Sevcik: “Escola da técnica op. 1, op. 2 nº 1 e 2, e op. 8”
- Sight-reading tests. ABRSM Publishing.
- Exercicios do profesor.

Estudios e caprichos

- Wohlfahrt: “Estudios op. 74” (43 e 45)
- B. Volmer: “Estudios” (8,14,22,28,34,35,36,39,41,49,50,51,55 3 58)
- Kreutzer: “42 estudios” (a partir do 12)
- Kayser: “Estudios op. 20” (20 e 29)
- Mazas: “Estudios op. 36”
- Kreuz: “Estudios Vol. 2” (30)

Concertos con orquestra (piano)

- G.P. Haendel: “Concerto en si m”

Sonatas con piano

- J.S. Bach: “Sonatas para viola da gamba e cravo”
- Vivaldi: “6 sonatas”
- Marcello: “Sonatas en mi m, sol m e Fa M”

Obras para viola sola

- J.S. Bach: “Suite para viola sola nº 1”

Obras con piano

- Beethoven: “Romanza para viola e orquestra op. 50”
- J.N. Hummel: “Fantasía para viola e orquestra”
- Glazunov: “Elexía”
- Chester music for viola. (1,3,4 e 5)
- Falla: “7 cancións populares españolas”
- R. Lamote de Grignon: “Scherzino para viola e piano”

Cuarto curso do Grao Profesional

Contidos

- Escalas e arpexios en tres oitavas e en dobres cordas. Perfeccionamento.
- Ampliación de recursos musicais e expresivos. Tipos de vibrato.
- Perfeccionamento de tódolos golpes de arco, na corda e saltados.
- Estudio de pasaxes orquestrais de tódalas épocas e estilos.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Cambios de posición, afinación e son.
- Lectura a vista.
- Repertorio e memorización. Audicións comparadas de gravacións.
- Ao finalizar o curso, o alumno debe ter feito o seguinte programa por avaliacións:

1ª Avaliación

- Escalas e arpexios afinados con distintos golpes de arco.
- Cinco estudos, dous de memoria.
- Unha sonata para viola e piano.
- Suite de Bach.

2ª Avaliación (algo de memoria)

- Escalas e arpexios.
- Cinco estudos.
- Un concerto para viola e piano.
- Obra romántica.

3ª Avaliación (algo de memoria)

- Escalas e arpexios.

- Cinco estudos.
- Unha obra contemporánea.

Métodos

Técnica

- C. Flesch: “Escalas”
- B. Volmer: “Bratschenschule 2”
- Vieland: “Musical excerpts for viola”
- Sight-reading tests. ABSRM Publishing.
- Exercicios do profesor.

Estudios e caprichos

- B. Volmer: “Estudios” (4,6,7,15,18,25,32,43,,44 e 45)
- Campagnoli: “41 caprichos” (1,2,6,11,22 e 26)
- Burgan: “7 pequenos caprichos”
- E. Kreuz: “Estudios vol. 1 e 2”
- Kayser: “Estudios op. 20” (23 e 32)

Concertos con orquestra (piano)

- J.C. Bach: “Concerto en do m”

Sonatas con piano

- J.S. Bach: “Sonatas para viola da gamba e cravo”
- Corelli: “Sonata op. 5 nº 8”
- W.F. Bach: “Sonata”
- M. Glinka: “Sonata en re m”

Obras para viola e piano

- Hummel: “Fantasía para viola e orquestra”
- Falla: “Danzas populares españolas”
- Bruch: “Romanza para viola e orquestra”
- Massenet: “Meditación de Thais”
- Kreisler: “Liebesleid”
- Glazunov: “Elexía”

Obras para viola sola

- J.S. Bach: “Suite para viola sola nº 2”

Primeiro curso do terceiro ciclo de G.M

Contidos

- Escalas e arpexios en tres oitavas e en dobres cordas.
- Ampliación de recursos musicais e expresivos. Tipos de vibrato.
- Perfeccionamento de tódolos golpes de arco.
- Estudio de pasaxes orquestrais de tódalas épocas e estilos.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Cambios de posición, afinación e son.
- Repertorio e memorización. Audicións comparadas de gravacións.
- Ao rematar o curso, o alumno deberá ter feito o seguinte programa por avaliacións:

1ª Avaliación

- Escalas e arpexios afinados con distintos golpes de arco.
- Cinco estudos, un de memoria.
- Un concerto para viola e piano.
- Suite de Bach.

2ª Avaliación (algo de memoria)

- Escalas e arpexios.
- Cinco estudos.
- Unha sonata romántica.
- Obra contemporánea.

3ª Avaliación (algo de memoria)

- Escalas e arpexios.
- Cinco estudos.

- Obra romántica

Métodos

Técnica

- C. Flesch: “Escalas”
- Vieland: “Musical excerpts for viola”
- Sight-reading tests. ABRSM Publishing.
- Exercicios do profesor.

Estudios e caprichos

- B.Volmer: “Estudios” (16,19,20,24,27,29,31,38,57 e 59)
- Burgan: “7 pequenos caprichos”
- Kreutzer: “42 estudos”

Concertos con orquestra (piano)

- A. Stamitz: “Concerto en Si b M”
- J. Schubert: “Concerto en do M”
- Hoffmeister: “Concerto en Re M”

Sonatas para viola e piano

- J.S. Bach: “Sonatas para viola da gamba e cravo”
- M. Glinka: “Sonata en re m”
- Mendelssohn: “Sonata en do m”

Obras para viola e piano

- P. Hindemith: “Meditacion”
- P. Hindemith: “Trauermusik”
- Britten: “Reflection”

Obras para viola sola

- J.S. Bach: “Suite para viola sola nº 3”

Segundo curso do terceiro ciclo de G.M

Contidos

- Escalas e arpexios en tres oitavas e en dobres cordas.

- Ampliación de recursos musicais expresivos. Tipos de vibrato.
- Perfeccionamento de tódolos golpes de arco.
- Estudio de pasaxes orquestrais de tódalas épocas e estilos.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Cambios de posición, afinación e son.
- Repertorio e memorización. Audicións comparadas de gravacións.
- O alumno deberá realizar o seguinte programa por avaliacións:

1ª Avaliación

- Escalas e arpexios afinados con distintos golpes de arco.
- Catro estudos (un de memoria)
- Unha sonata para viola e piano.
- Suite de Bach ou Reger.

2ª Avaliación (algo de memoria)

- Escalas e arpexios.
- Catro estudos.
- Un concerto.
- Obra romántica.

3ª Avaliación (algo de memoria)

- Escalas e arpexios.
- Catro estudos.
- Obra contemporánea.

Métodos

Técnica

- C. Flesch: “Escalas”
- Vieland: “Musical excerpts for viola”
- Sight-reading tests. Associated schools of U.K”
- Exercicios do profesor.

Estudios e caprichos

- B.Volmer: “Estudios”
- Campagnoli: “41 caprichos”
- Kreutzer: “42 estudios”
- Hoffmeister: “Estudios”

Concertos con orquestra (piano)

- K. Stamitz: “Concerto en Re M”
- Hoffmeister: “Concerto Re M”

Sonatas con piano

- J.S Bach: “Sonatas para viola da gamba e cravo”
- Schubert: “Sonata Arpeggione en la m”
- J. Brahms: “Sonatas op. 120 nº 1 e 2”

Obras para viola e piano

- Enesco: “Concertstück”
- Bruch: “Kol nidrei”
- Vieuxtemps: “Elexía”
- Carter: “Elexía”
- Weber: “Andante e rondó húngaro”
- Schumann; “Pictures from fairyland”

Obras para viola

- J.S. Bach: “Suite para viola sola nº 4”
- Reger: “Suite nº 1 para viola sola”
- Britten: “Elexía para viola sola”

Criterios de avaliación e recuperación

Os criterios de avaliación xerais establecidos para o grao profesional son:

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da

execución instrumental. *Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.*

- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. *Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.*
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. *Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.*
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. *Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.*
- Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. *Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.*
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. *Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.*
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. *Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.*
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. *Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.*
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. *Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.*
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. *Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.*

A avaliación será **continua**, e trimestralmente farase un informe aos pais mediante os boletíns de avaliación. As calificacións faranse tendo en conta se se cumpriron como

mínimo os contidos especificados para cada curso, así como o comportamento e actitude do alumno na aula e fronte ao instrumento. Teranse en conta as audicións e concertos realizados para avaliar a interpretación en público, que serán de carácter obrigatorio. A autoavaliación e a coavaliación serán ferramentas de gran axuda.

Se o alumno suspende unha ou varias avaliacións, a recuperación efectuarase na aula, procurando que se acaden minimamente os contidos de cada curso, e valorarase moi positivamente os progresos efectuados na aula.

Recursos

- Partituras para tratar os diversos contidos de cada nivel.
- Textos que dan información sobre aspectos concretos da viola, de compositores, intérpretes...
- Gravacións musicais, vídeos e DVDs.
- Revistas de contido musical: Strad, Quodlibet, Amadeus, Ritmo...
- Información sobre cursos, concertos, audicións, dentro e fóra do centro.